

## MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**2305** *ORDE APU/293/2006, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos de entidades locais. («BOE» 36, do 11-2-2006.)*

O Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, foi modificado parcialmente polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, co obxecto de abrir dúas novas liñas de axuda para cofinanciar proxectos de modernización administrativa local e proxectos con participación da sociedade civil mantendo, como obxectivos do Programa de cooperación económica local do Estado, a contribución á realización dos investimentos incluídos nos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, así como a achega ás intervencións comunitarias, aprobadas pola Comisión da Unión Europea.

Coa introdución destas liñas de axuda económica, preténdese conseguir unha maior eficacia no emprego dos recursos de que se dispón. Así, para lles facilitar ás entidades locais o cumprimento da obriga que teñen de impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación, establécese a liña de axuda para o cofinanciamento de proxectos de modernización administrativa, en substitución dos proxectos singulares en materia de desenvolvemento local e urbano; obriga que lles impuxo a modificación que da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, efectuou a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, co obxecto de conseguir a mellora dos servizos públicos locais para os usuarios e facilitar o intercambio de información entre as administracións públicas. Precisamente, a aplicación das novas tecnoloxías vai constituir un instrumento clave para facilitar a participación cidadá nos gobernos locais.

Tanto a disposición derradeira primeira do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, como a do Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 835/2003, facultan o ministro de Administracións Públicas para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto nos ditos textos, co principal obxectivo da eficaz aplicación do disposto neles, buscando a máxima concreción dos preceptos establecidos para evitar dilacións na xestión dos procedementos de concesión das subvencións.

Ao amparo destas autorizacións, e co obxecto de alcanzar os fins aludidos, apróbase a presente orde, de cuxo contido se destacan as seguintes materias:

Mantense, dentro do previsto con carácter xenérico para a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, a súa estrutura, así como o desenvolvemento que no relativo á Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais estableceu a Orde APU/126/2004, do 23 de xaneiro.

En termos moi similares á anterior regulación, con excepción de pequenas modificacións, recóllese o bloque normativo relativo aos plans provinciais e insulares de cooperación, que inclúe un amplo conxunto de asuntos que abranguen desde as condicións que deberán reunir os devanditos plans para obter a subvención da Administración xeral do Estado ata a aplicación dos remanentes

que se poidan xerar, mediante a aprobación dos plans complementarios regulados nun capítulo propio; indicándose, pola súa vez, o contido e a información que os plans provinciais e insulares de cooperación e, se é o caso, os antes citados plans complementarios, deberán recoller, así como os requisitos para a súa remisión; concretándose aspectos relativos ás peticións de prórroga tanto para a adxudicación coma para a execución das obras e determinándose igualmente o procedemento para o pagamento das subvencións, o contido da información semestral sobre o estado da execución das obras e a presentación da liquidación dos citados plans.

Igualmente, mantéñense os criterios anteriormente fixados e que deben seguir no marco das intervencións comunitarias cofinanciadas polo Programa de cooperación económica local.

En relación cos proxectos de modernización administrativa local, nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, no Programa 942 A «Cooperación Económica Local do Estado», figura unha dotación económica «Para proxectos de modernización administrativa local». Constitúe a referida consignación orzamentaria unha nova liña de axuda do Programa de Cooperación Económica Local do Estado que xestiona o Ministerio de Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial cuxa finalidade é contribuir ao impulso da Administración electrónica no ámbito local.

Nesta orde, dentro do ámbito relativo aos proxectos de modernización administrativa local, regulados con carácter «ex novo», determínanse as súas características, así como as condicións que deben reunir os beneficiarios da subvención e a documentación que deben conter as solicitudes; realízase unha regulación dos prazos de adxudicación e execución e as posibles prórrogas que sobre estes se poidan conceder; e determínanse, igualmente, a composición e funcionamento da comisión de valoración que elevará a proposta de resolución correspondente ao secretario de Estado de Cooperación Territorial.

No referente aos proxectos con participación da sociedade civil, trátase dunha liña de axuda que, aínda que é incorporada por primeira vez á normativa reguladora da cooperación do Estado aos investimentos das entidades locais, xa foi posta en práctica a través da Orde APU/1070/2005, do 15 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao cofinanciamento de proxectos das corporacións locais con participación da sociedade civil, convocatoria para o exercicio 2005. Esta orde foi elaborada como consecuencia dunha emenda aos orzamentos xerais do Estado para 2005, que incrementou a dotación do Programa de Cooperación Económica Local do Estado coa finalidade de financiar proxectos con participación da sociedade civil local en consellos e outras estruturas que fosen reguladas polas corporacións locais no ámbito das súas competencias e, tras a aceptación demostrada, na convocatoria citada, por esta liña de axuda, entendeuse conveniente a súa inclusión na normativa que regula a cooperación económica da Administración xeral do Estado ás entidades locais, recollendo nesta orde o contido establecido para a primeira convocatoria, ben que con algunha pequena modificación que a práctica demostrou ser necesaria para maior concreción e axilidade no procedemento de concesión das subvencións.

Dentro do desenvolvemento das disposicións adicionais do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, e en consonancia co recollido respecto á achega estatal ao Plan Unico de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña, inclúense puntos para o desenvolvemento das particularidades propias desta actuación.

Esta orde ministerial inclúe puntos que complementan o establecido na disposición adicional cuarta relativa á utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos co obxectivo de responder ao principio constitu-

cional de eficacia no funcionamento da Administración pública; neste sentido, e co obxecto de facilitar a tramitación das axudas, na orde inclúense os seguintes anexos, que serán completados polas entidades beneficiarias das subvencións: o anexo I, onde se recollen unha serie de modelos normalizados de documentos para a xestión das subvencións nos catro ámbitos de actuación definidos; o anexo II, onde se recollen as táboas de códigos correspondentes aos cabidos e consellos insulares; o anexo III, que foi modificado respecto á normativa anterior e que recolle as instrucións para a codificación das obras e servizos, xa que todos os proxectos deberán ter, ademais dun número correlativo de identificación, un código de referencia, segundo a clase de uso ou servizo público a que as obras sexan afectadas; finalmente, no anexo IV recóllense os códigos das entidades supramunicipais.

En uso das atribucións que me foron conferidas na disposición derradeira primeira do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, e do Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, logo de informe de Comisión Nacional de Administración Local, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Da cooperación económica da Administración xeral do Estado aos investimentos das entidades locais

Primeiro. *Contido da cooperación económica da Administración xeral do Estado aos investimentos das entidades locais.*—Dentro do marco da cooperación económica da Administración xeral do Estado poderanse incluír, ao amparo do disposto no artigo 3 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, modificado polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, os seguintes investimentos:

a) Os incluídos nos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

b) Os destinados ás obras de conservación e mellora da rede viaria de titularidade das deputacións provinciais; poderase destinar para o financiamento destes investimentos ata o 30% da subvención da Administración xeral do Estado concedida ao Plan provincial e insular de cooperación.

c) Os relativos ás obras e servizos de competencia municipal incluídos nas distintas intervencións comunitarias aprobadas pola Comisión da Unión Europea cofinanciadas polo Programa de cooperación económica local do Estado.

d) Os afectados a proxectos de modernización administrativa local.

e) Os relativos a proxectos con participación da sociedade civil.

Segundo. *Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais.*

1. Para a actualización dos contidos e mantemento da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais (EIEL), prevista no artigo 4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, constituirase un grupo de traballo integrado por técnicos expertos na materia.

2. Poderán formar parte do citado grupo de traballo funcionarios da Dirección Xeral de Cooperación Local, representantes das corporacións locais elaboradoras da enquisa, representantes das comunidades autónomas interesadas e, se é o caso, técnicos de institucións relacionadas coa enquisa.

3. Os membros do grupo de traballo serán nomeados polo director xeral de Cooperación Local. No caso dos representantes das corporacións locais, por proposta da Asociación de Entidades Locais de ámbito estatal con

maior implantación, e para os representantes das comunidades autónomas e institucións, por proposta destas.

4. O grupo de traballo determinará, entre outros temas, os contidos mínimos da enquisa, as prescricións técnicas do modelo de datos, o cuestionario e o manual para a recollida da información en campo, e definirá a información cartográfica, as validacións e as normas para a remisión dos datos. Así mesmo, establecerá a periodicidade de actualización da información, así como as recomendacións dos sistemas de actualización e mantemento da enquisa.

As anteriores determinacións serán elevadas á Dirección Xeral de Cooperación Local para a súa correspondente aprobación.

5. Correspóndelle á Dirección Xeral de Cooperación Local, ademais do indicado no punto anterior, dentro da súa función de coordinación, comunicarlles ás entidades elaboradoras da enquisa a data de inicio dos traballos e finalización, así como os prazos de entrega da información. Da mesma forma, prestará asesoramento técnico e colaboración económica para a súa realización.

Este órgano directivo supervisará a información facilitada polas entidades elaboradoras da enquisa, tanto a parcial, cuestionarios e cartografía, como a total, e, se é o caso, realizará mostraxes dos traballos de campo, co obxecto de determinar a calidade da información.

6. As entidades elaboradoras da enquisa serán responsables dos traballos relativos á recollida, gravación e validación da información, co fin de lograr a máxima fiabilidade desta e poder constituír o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións das entidades locais, para a elaboración, entre outros, dos plans e programas de cooperación económica local. Os datos das actualizacións da enquisa serán remitidos polas entidades elaboradoras á Dirección Xeral de Cooperación Local para a súa incorporación á base de datos locais.

## CAPÍTULO II

### Dos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal

Terceiro. *Distribución territorial das subvencións da Administración xeral do Estado destinadas ao cofinanciamento dos plans provinciais e insulares de cooperación.*—De acordo co establecido no artigo 5.º do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, para a distribución territorial das subvencións, teranse en conta os seguintes factores e indicadores:

a) Necesidades de infraestrutura e equipamento local, relativas ao abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, pavimentación das vías públicas, iluminación pública, depuración de augas residuais, recollida de residuos urbanos e vertedoiros, avaliadas a través da información contida na Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais. Tamén se terá en consideración a extensión da rede viaria provincial e insular.

b) Capacidade financeira das facendas correspondentes, expresada pola relación entre os recursos orzamentarios e a poboación.

c) Factores socioeconómicos territoriais: a poboación, a superficie territorial, o número de núcleos de poboación, a inversa da renda provincial e a taxa de desemprego.

d) Execución dos plans precedentes: terase en conta o grao de execución dos plans dos dous anos anteriores.

Cuarto. *Condicións dos plans provinciais e insulares de cooperación para obter as subvencións da Administración xeral do Estado.*—Conforme o previsto no artigo 7 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, para obter subven-

ción da Administración xeral do Estado, os plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos municipais deben cumprir as seguintes condicións:

- a) Os investimentos deben ir referidos aos definidos nas alíneas a) e b) do punto primeiro desta orde ministerial.
- b) Os investimentos incluídos anualmente no Plan de cooperación con subvención estatal deben contar cunha achega dos concellos e entidades locais titulares das obras e servizos, non inferior ao cinco por cento do seu importe.
- c) A contía do investimento anual das obras con subvención estatal non será inferior a 30.000,00 euros.

*Quinto. Documentación dos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.*—Para os efectos de obter subvencións da Administración xeral do Estado, os plans provinciais e insulares de cooperación, incluídas as actuacións da rede viaria, se é o caso, estarán integrados polos seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, a que se refire o artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na que se fará referencia ao modo en que se produciu a participación dos concellos da provincia, e das comunidades autónomas na elaboración do plan.

Na memoria indícarase a metodoloxía seguida na utilización da información contida na Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais, segundo a súa última actualización, para a selección das obras e servizos, en cumprimento do preceptuado no punto 2 do artigo 10 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

- b) Certificado da relación de obras dos plans provinciais e insulares de cooperación (modelo 1A).
- c) Certificado da relación de obras que integran o Plan complementario (modelo 1C) en conexión co disposto no punto oitavo desta orde referida aos plans complementarios.

*Sexto. Elaboración e aprobación dos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.*

1. En cumprimento do artigo 10 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as deputacións provinciais deberán remitir, antes do 1 de abril do ano correspondente ao plan, á Dirección Xeral de Cooperación Local os plans provinciais e insulares de cooperación, coa documentación integrante destes relacionada no punto anterior, xunto co seu expediente administrativo de aprobación.

2. Conforme o disposto no artigo 32 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, os plans provinciais e insulares de cooperación, inicialmente aprobados, inseriranse no boletín oficial da provincia ou, se é o caso, da comunidade autónoma, para que poidan formularse alegacións e reclamacións sobre estes, durante un prazo de dez días.

3. O expediente administrativo estará formado polos seguintes documentos:

- a) Certificación do acordo de aprobación definitiva do plan ou da súa aprobación inicial sempre, neste último suposto, que non se presenten alegacións ou reclamacións contra este.
- b) Certificación de que o acto ou acordo de aprobación inicial foi publicado no boletín oficial da provincia ou da comunidade autónoma uniprovincial, e das alegacións e reclamacións que sobre o plan se formularon durante un prazo de dez días, se é o caso.
- c) Informe do delegado do Goberno, do subdelegado do Goberno ou do director insular, segundo pro-

ceda, ou, se non foi emitido no prazo de dez días, desde a recepción do plan, certificación acreditativa desta circunstancia, conforme o artigo 9 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

- d) Informe da respectiva Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais ou, no seu defecto, certificación de que non foi emitido dentro do prazo de dez días desde a recepción do plan, segundo o previsto no artigo 9 do citado real decreto.

*Sétimo. Información sobre os investimentos incluídos no Plan de cooperación financiados con subvención da Administración xeral do Estado.*—As obras, que integran o Plan provincial ou insular de cooperación presentado ao Ministerio de Administracións Públicas, relacionadas na certificación da aprobación do dito plan, no documento normalizado (modelo 1A para o Plan provincial ou insular e modelo 1C para o Plan complementario), deberán figurar nos termos seguintes:

- a) A denominación das obras deberá ser suficientemente descritiva das actuacións contidas no correspondente proxecto e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación onde se leven a cabo aquelas, se o municipio consta de máis dun.

Nas obras de mellora e conservación da rede viaria figurarán, ademais, os puntos quilométricos entre os que se executan estas.

- b) Nos proxectos plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade a que se refire o investimento que se inclúe en Plan de cooperación.

c) Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición das actuacións farase constar a fase a que se refire o investimento que se inclúe no Plan de cooperación.

- d) As obras deberán ter un número correlativo de identificación, así como un código de referencia segundo a clase de uso ou servizo público a que estas sexan afectadas, de acordo coa clasificación que consta no anexo III desta orde.

Cando se trate de obras diversas que forman parte dun proxecto complexo para satisfacer máis dun servizo, para a súa catalogación asignaráselles o código de referencia correspondente á actuación afecta ao servizo principal do proxecto.

- e) O número de identificación, así como o código de obra e a denominación que figuran no plan, deberán manterse inalterados en todos os documentos relativos á súa execución para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local, tanto para efectos da tramitación das subvencións como para o correspondente seguimento da súa realización e liquidación.

*Oitavo. Plan complementario.*

1. Segundo o disposto no artigo 8, punto 2, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as deputacións provinciais aprobarán un plan complementario do Plan provincial de cooperación, para a aplicación dos remanentes de subvención estatal que se puidesen orixinar segundo o establecido no artigo 15 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

2. A aprobación do Plan complementario podería producirse en unidade de acto coa do Plan provincial de cooperación, como parte integrante do mesmo expediente, ou separadamente. O Plan complementario aprobado separadamente, se é o caso, está suxeito aos mesmos requisitos de contido, procedemento e prazos que o Plan provincial de cooperación.

3. O Plan complementario deberá incluír obras independentes, polo que non serán obxecto de subvención os incrementos de custo que se produzan na execución, derivados da reforma dos proxectos para incluír as obras

complementarias que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, coas limitacións establecidas na lexislación reguladora da contratación administrativa.

4. As deputacións provinciais poderán adiar a consignación do programa de financiamento das obras relacionadas no certificado correspondente (modelo 1C) ao momento en que decidan e comuniquen ao Ministerio de Administracións Públicas a aplicación dos remanentes de crédito estatal producidos, aínda que consignarán a denominación da obra, a súa localización e o importe do orzamento.

5. Aprobado definitivamente o Plan complementario, deberá permanecer inalterable en canto ás obras que o integran, ben que a Dirección Xeral de Cooperación Local, excepcionalmente, poderá autorizar a alteración do contido deste con posterioridade á súa aprobación definitiva, por solicitude motivada das deputacións provinciais con participación dos municipios afectados cando sobreveñan circunstancias que, a xuízo do citado órgano directivo, constitúan causa xustificativa.

6. En concorrencia coas obras do Plan complementario que deben aprobar as deputacións provinciais, segundo o disposto no artigo 8.2 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, poderán obter subvención da Administración xeral do Estado en aplicación dos remanentes que se produzan no crédito asignado ao Plan de Cooperación, as obras incluídas neste sen achega da Administración xeral do Estado e aquelas en que, tendo asignada subvención, o importe sexa inferior ás porcentaxes previstas no artigo 6 do citado real decreto.

Noveno. *Prórroga do prazo para a adxudicación das obras.*

1. A solicitude de prórroga do prazo para a adxudicación das obras, prevista no artigo 11 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, formularana, se é o caso, as deputacións provinciais facendo constar, con respecto a cada unha das obras para a adxudicación das cales se solicita prórroga, as circunstancias excepcionais polas cales a devandita adxudicación non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral.

2. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/1992, do 26 de novembro, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral de Cooperación Local antes do día 15 de setembro a través da súa presentación en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da citada Lei 30/1992, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado.

3. As solicitudes de prórroga que cumpran cos requisitos exixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ao do cumprimento do prazo de adxudicación antes citado non recaese resolución expresa.

Décimo. *Libramento das subvencións.*

1. Como requisito previo para o pagamento do 75 por 100 do importe definitivo da subvención concedida, as deputacións provinciais deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local a certificación de adxudicación da obra (modelo 3 A) ou, se é o caso, do acordo de execución directa das obras (modelo 4 A) antes do 1 de decembro do exercicio correspondente a esta.

Nas obras de carácter plurianual utilizarase o modelo 2A, segundo corresponda.

2. Para o pagamento do resto, ata o 25 por 100 da subvención, as entidades beneficiarias da subvención deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local,

antes do 1 de decembro do exercicio posterior se a obra foi contratada, a certificación final (modelo 5A) e a acta de recepción emitida conforme o texto refundido da Lei de Contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, ou a certificación correspondente á terminación da obra que se vaia realizar en cada anualidade, no suposto de investimentos de carácter plurianual.

Se foi executada directamente pola Administración, deberase presentar a certificación final (modelo 6A) e mais a acta de recoñecemento e comprobación, nos termos da lexislación reguladora da contratación administrativa.

3. Finalizados os prazos previstos nos parágrafos anteriores, sen ter constancia na Dirección Xeral de Cooperación Local das certificacións requiridas, ou sen constar o recibo acreditativo da súa presentación dentro dos prazos establecidos en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, ditarase resolución motivada desestimatoria do pagamento da subvención estatal ou do pagamento do 25 por 100 dela, segundo proceda, por incumprimento das condicións impostas con motivo da súa concesión.

4. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, excepcionalmente, e mediante xustificación que será apreciada pola Dirección Xeral de Cooperación Local, poderá tramitarse o pagamento da subvención naqueles supostos en que a documentación antes citada sexa presentada con posterioridade ao 1 de decembro do exercicio de que se trate, sempre e cando a mencionada documentación sexa recibida no centro xestor con anterioridade á data límite establecida na Orde do Ministerio de Economía e Facenda pola que se regulan as operacións de peche de cada exercicio, relativas á contabilidade de gastos públicos. En ningún caso serán obxecto de libramento as subvencións cuxa documentación xustificativa para o pagamento se remita fóra do exercicio orzamentario de que se trate.

Décimo primeiro. *Prórroga do prazo para a execución das obras.*

1. A solicitude de prórroga do prazo para a execución das obras, prevista no artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, formularana, se é o caso, as deputacións provinciais facendo constar, con respecto a cada unha das obras para a execución das cales se solicita prórroga, as circunstancias excepcionais polas cales a devandita execución non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral ou, se é o caso, prazo prorrogado.

A solicitude deberá conter necesariamente a identificación da obra ou obras afectadas, con indicación da duración do prazo que se vai prorrogar, así como poñer de manifesto os motivos que impiden a súa terminación no prazo de execución establecido inicialmente ou, se é o caso, prorrogado, e deberá achegarse a xustificación documental que sustenta a dita motivación.

2. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/1992, do 26 de novembro, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral de Cooperación Local, a través da súa presentación en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da citada Lei 30/1992, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, cunha antelación mínima de 15 días naturais sobre o prazo de execución establecido antes do 1 de novembro

do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención, ou, se é o caso, prazo prorrogado.

3. As solicitudes de prórroga que cumpran cos requisitos exixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ao do cumprimento do prazo de execución antes citado non recaese resolución expresa.

4. No caso de obras para as cales se obtivese prórroga do prazo de execución, a documentación xustificativa para o pagamento do resto ata o 25% de subvención concedida terana que presentar as deputacións provinciais antes do vencemento do prazo de dous meses seguintes á data de terminación da mencionada prórroga. En caso de incumprimento, rexerá o disposto no punto terceiro do punto décimo desta orde.

Décimo segundo. *Información sobre o estado de execución.*

1. A información sobre o estado de execución das obras prevista no artigo 13 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, subministraranas as deputacións provinciais á Dirección Xeral de Cooperación Local a través da remisión do modelo 7.

2. As deputacións provinciais presentarán información separada por plans provinciais ou insulares de cooperación de cada anualidade.

3. A información remitida deberá incluír todas as obras do plan correspondente aínda que o seu estado de execución non experimentase ningunha alteración durante o semestre natural a que aquela se refira.

4. Unha vez transcorrido o prazo de remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local da liquidación do plan previsto no artigo 14.2 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, só se incluírá no citado modelo 7 a información relativa a obras que obtivesen prórroga de execución, segundo o establecido no punto 1 do citado artigo, cesando esta obriga ao presentar a documentación xustificativa (certificación final segundo o modelo 5A ou 6A) para o cobramento do resto ata o 25% da subvención concedida para as mencionadas obras.

Décimo terceiro. *Liquidación de subvencións.*

1. En cumprimento do establecido no punto 2 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as deputacións provinciais deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local, antes do 31 de xaneiro de cada ano, a liquidación dos plans, así como memoria de realización acadadas, cuxo prazo de execución finalizaba o 31 de outubro do ano anterior.

2. A liquidación do plan estará integrada polos seguintes documentos:

- a) Liquidación do plan (modelo 8).
- b) Memoria de realizacións acadadas, en que se recollerán, polo menos, os seguintes aspectos:

1.º Desenvolvemento e execución do plan pola entidade beneficiaria mediante unha exposición sucinta das fases de elaboración e aprobación do plan, adxudicación dos proxectos e/ou acordos de execución directa, aplicación de remanentes e resultados da execución das obras na data de liquidación (31 de outubro).

2.º Comparación entre os obxectivos propostos do plan e os acadados, pondo de manifesto as desviacións producidas e indicando as medidas correctoras implantadas, se é o caso, ou que se deberán ter en conta en exercicios futuros.

3.º Incidencias de execución que impedisen a finalización das obras no prazo establecido no punto 1 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, con mención detallada de obras con prórroga solicitada e/ou concedida, así como anuladas, non executadas ou executadas parcialmente de acordo co previsto no artigo 14.7.5 do texto refundido da Lei de contratos das administra-

cións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

4.º Liquidación de subvención, achegando información na data de realización da liquidación sobre subvención certificada ao prazo antedito (correspondente aos importes remitidos á Dirección Xeral de Cooperación Local na solicitude do 25% o resto de subvención), subvención cobrada e solicitada pendente de cobramento, así como subvención a reintegrar de acordo co exposto nos puntos 3 e 4 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

Décimo cuarto. *Reintegro de subvencións.*

1. En atención ao disposto nos puntos 3 e 4 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, cando as obras non fosen terminadas no prazo xeral ou no de prórroga, iso levará consigo o reintegro da totalidade de subvencións percibidas relativas ás devanditas obras, por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, sen prexuízo doutros supostos de reintegro que se poidan producir de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Non obstante, se o investimento realizado en prazo é susceptible de ser entregado ao uso ou servizo público conforme o previsto no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, as deputacións provinciais, co fin de xustificar a subvención librada e de cuantificar o importe a reintegrar, deberán achegar necesariamente:

a) a acta de recepción parcial daquelas partes de obra susceptibles de seren executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato e que fosen rematadas no prazo xeral ou prorrogado.

b) a certificación á conta que establece o artigo 165 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, correspondente ás partes de obra executadas nos citados prazos.

3. A acreditación da recepción parcial formulada no punto anterior producírase, se é o caso, na remisión da documentación acreditativa co obxecto do libramento do 25% ou resto da subvención, ou como documentación complementaria asociada á liquidación do plan, segundo o exposto no contido da memoria, alínea 2.b.4) do punto décimo terceiro.

Décimo quinto. *Comunicación da aplicación de remanentes de subvención da Administración xeral do Estado.*—Cando as deputacións provinciais opten por aplicar os remanentes de subvención da Administración xeral do Estado producidos polas causas establecidas no artigo 15 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, nas obras do Plan complementario ou naquelas incluídas no Plan de cooperación sen subvención da Administración xeral do Estado ou con subvención inferior ás porcentaxes establecidas no artigo 6 do devandito real decreto, deberán comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Cooperación Local con carácter previo ou simultáneo á presentación das certificacións de adxudicación das obras (modelo 3A) ou da resolución ou acordo da súa execución directa pola entidade local (modelo 4A) e, en todo caso, ata o 15 de decembro do ano do plan.

A comunicación da aplicación dos remanentes efectuarase co envío de certificación segundo o modelo normalizado (modelo 1C), co programa de financiamento debidamente consignado.

## CAPÍTULO III

**Das intervencións comunitarias cofinanciadas polo programa de cooperación económica local**

Décimo sexto. *Achegas do Estado ás intervencións comunitarias.*

1. Os plans de investimento e os plans complementarios someteranse aos requisitos establecidos nas respectivas intervencións comunitarias e, no referente á obtención, xestión e tramitación da subvención da Administración xeral do Estado, ao procedemento, petición de informes e remisión ao Ministerio de Administracións Públicas regulados nos puntos quinto, sexto, sétimo e oitavo desta orde. Para tal efecto, as deputacións provinciais afectadas utilizarán os modelos normalizados 1B e 1D. Respecto á selección de obras e servizos recollidos na memoria xustificativa dos obxectivos aludida no punto quinto, deberase facer referencia expresa á correspondencia cun enfoque estratéxico integrado e o modo en que esta se alcanzou na devandita selección de proxectos financiados con fondos comunitarios, así como á súa adecuación cos principios establecidos na correspondente intervención comunitaria.

2. A xestión e tramitación das subvencións da Administración xeral do Estado axustarase tamén aos puntos que regulan os prazos de adxudicación das obras, os prazos e requisitos para o libramento das subvencións, o trámite de información sobre o estado de execución das obras, solicitudes de prórrogas, prazo para a liquidación dos plans e a aplicación de remanentes contidos nos puntos noveno, décimo, décimo primeiro, décimo segundo, décimo terceiro, décimo cuarto e décimo quinto da presente orde, utilizándose para tal efecto os modelos normalizados 2B, 3B, 4 B, 5B, 6B, 7 e 8.

3. Considerando os requirimentos que a normativa comunitaria ten establecidos sobre seguimento e control dos fondos estruturais, a Dirección Xeral de Cooperación Local, no ámbito das súas competencias, poderá solicitar das entidades executoras dos programas operativos, logo de traslado de instrucións específicas con tal fin, información sobre o enfoque estratéxico integrado dos investimentos acometidos, sobre indicadores de seguimento que permitan valorar o grao de execución e calidade dos investimentos, e información sobre a observancia das políticas e directrices comunitarias.

Co fin de velar por unha aplicación eficaz e regular de tal normativa comunitaria, e a legalidade dos gastos cofinanciados, a Dirección Xeral de Cooperación Local poderá impulsar mecanismos de control interno e supervisión que permitan garantir os principios dunha correcta xestión para aqueles investimentos cofinanciados con fondos estruturais.

4. Para os efectos de presentar ante as autoridades xestoras dos fondos estruturais as «certificacións de gasto realizado», e contribuír á fluidez dos fluxos financeiros da Unión Europea ao Estado e deste aos beneficiarios finais, con carácter trimestral, nos vinte días naturais seguintes ao termo de cada trimestre natural, as deputacións provinciais afectadas deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local información dos pagamentos realizados en relación con cada unha das obras incluídas nos plans integrados nas intervencións comunitarias aprobadas.

A tal detalle deberá acompañar a oportuna «certificación de gasto realizado», como agregación da totalidade dos pagamentos realizados, a cal deberá ser cuberta no modelo normalizado para tal efecto pola autoridade nacional responsable da xestión dos respectivos fondos estruturais.

## CAPÍTULO IV

**Dos proxectos de modernización administrativa local**

Décimo sétimo. *Obxectivo e natureza dos proxectos obxecto de subvención.*—O obxectivo desta liña de axuda é cofinanciar a execución de proxectos que teñan por obxecto a modernización da Administración local a través da utilización de tecnoloxías da información coas finalidades seguintes:

a) Mellora dos servizos de xestión e atención dirixidos ao cidadán.

b) Simplificación dos procedementos e integración destes cos de responsabilidade estatal e autonómica.

c) Instrumentalmente, a mellora das infraestruturas tecnolóxicas e de comunicacións precisas para o cumprimento das finalidades sinaladas nas letras anteriores.

Décimo oitavo. *Beneficiarios das subvencións.*—Poden solicitar e obter subvencións para esta finalidade:

a) Os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

b) Os municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes sempre que o proxecto obxecto de subvención afecte un conxunto de municipios que superen os 5.000 habitantes.

c) As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais, estas últimas no exercicio das competencias que corresponden ás deputacións provinciais, para proxectos propios ou que afecten un conxunto de municipios que superen os 5.000 habitantes, suposto previsto no punto anterior.

Décimo noveno. *Contía das subvencións.*—A subvención da Administración xeral do Estado destinada ao cofinanciamento dos proxectos de modernización administrativa local, cuxa concesión se efectuará en réxime de concorrencia competitiva, poderá alcanzar ata o 50 por 100 do importe do proxecto. Para a obtención da subvención será necesario que no seu financiamento contribúan os concellos e demais entidades locais titulares do proxecto sen que a achega destes poida ser inferior ao 15 por 100 do importe do investimento.

Só poderán ser financiados con subvención da Administración xeral do Estado os gastos que teñan a consideración de investimentos.

Vixésimo. *Compatibilidade con outras subvencións ou axudas públicas.*—Con independencia das subvencións reguladas na presente orde ministerial, os proxectos poderán recibir achegas adicionais dos fondos estruturais comunitarios, se é o caso, así como das subvencións que acorden as comunidades autónomas con cargo aos seus respectivos orzamentos e demais entidades públicas.

Aos supostos de cofinanciamento seranlles de aplicación os límites establecidos no artigo 19, punto 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Vixésimo primeiro. *Aprobación de proxectos. Informes.*

1. Os proxectos serán aprobados polo órgano competente da entidade local, segundo as regras de distribución de competencias da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. O proxecto, xunto coa súa documentación complementaria, someterase a informe do subdelegado do Goberno na provincia, do director insular da Administración do Estado ou do delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, se non houbese subdelegado do Goberno.

3. Igualmente, os proxectos serán sometidos a informe das comisións provinciais de colaboración do Estado coas corporacións locais, de conformidade co artigo 29.2 c) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

No caso da Comunidade Autónoma de Cataluña, os proxectos someteranse a informe do órgano que asuma as funcións das comisións provinciais de colaboración do Estado coas corporacións locais.

4. Os informes citados nos puntos anteriores pronunciaranse sobre a adecuación dos proxectos ás finalidades establecidas no punto décimo sétimo desta orde ministerial, e sobre o grao de cumprimento dos criterios de valoración a que se refire o punto vixésimo quinto da presente orde ministerial, así como sobre a súa idoneidade técnica, e deberán ser emitidos no prazo de 10 días desde a recepción do proxecto. Transcorrido o devandito prazo sen que o informe solicitado fose emitido, poderanse proseguir as actuacións.

5. Os informes dos órganos referidos nos puntos anteriores remitiranse á Dirección Xeral de Modernización Administrativa, do Ministerio de Administracións Públicas, xunto coa solicitude e a documentación complementaria. Se non fosen emitidos no prazo de dez días desde a recepción do proxecto, remitirase certificación do secretario da entidade solicitante acreditativa desta circunstancia.

*Vixésimo segundo. Solicitudes de subvención. Lugar e prazo de presentación.*

1. As solicitudes de subvención dirixiranse á Dirección Xeral de Modernización Administrativa, do Ministerio de Administracións Públicas, xunto coa súa documentación complementaria e os informes preceptivos, e presentaranse en calquera dos rexistros e oficinas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado.

2. As solicitudes presentaranse antes do día 1 de abril do exercicio en que se solicita a subvención.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na presente orde ministerial, requirirase o interesado para que a emende, ou xunte os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que, de non o facer, se entenderá que desiste da súa solicitude, logo de resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 71 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A Dirección Xeral de Modernización Administrativa porá á disposición das entidades locais, e para efectos puramente informativos, unha páxina web na cal será posible obter os modelos de documentación complementaria que hai que xuntar, así como rexistrarse, de cara a acceder a información sobre a presente liña de axuda.

*Vixésimo terceiro. Documentación complementaria e informes que deben acompañar a solicitude de subvención.*

1. As solicitudes de subvención (normalizadas segundo modelo 1E) irán acompañadas da seguinte documentación:

a) O proxecto técnico cuxa execución se pretende, axustado ao modelo normalizado 1F.

b) Certificación expedida polo secretario da entidade local ou funcionario que ostente a fe pública, sobre os seguintes aspectos:

1.º Acordo de aprobación do proxecto.

2.º Acordo de solicitude da subvención adoptado por órgano competente, con indicación da contía solicitada e da porcentaxe que representa respecto ao custo total.

3.º Compromiso de habilitación de crédito para financiar o importe do proxecto na parte que non vai ser

obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.

4.º O réxime de financiamento, no cal se reflicta o financiamento mínimo que se compromete a achegar a entidade titular do proxecto.

5.º Axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou provenientes de fondos comunitarios.

c) Certificado de acharse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 14.1.e da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Memoria descritiva do proxecto (modelo normalizado 1G) e das actuacións que comprende, na cal se recollerá, polo menos:

1.º A denominación do proxecto.

2.º Localización do investimento e, no caso de que o proxecto teña carácter supramunicipal, a relación de municipios afectados.

3.º Misión e obxectivos que se pretenden conseguir coa súa execución. Deberá incluír a descrición do grao de adecuación do proxecto a cada un dos criterios de valoración descritos no punto vixésimo quinto da presente orde.

4.º Resultados que se pretenden obter.

5.º Tecnoloxía aplicable.

6.º Metodoloxía de desenvolvemento.

7.º Prazos e cronograma.

8.º Custos estimados

9.º Indicadores de avance.

2. Xunto coa solicitude e documentación complementaria deberá remitirse o informe do subdelegado do Goberno na provincia, do director insular ou do delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, se non houbese subdelegado do Goberno, así como da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, ou certificación do secretario da entidade local solicitante de que non foron emitidos no prazo previsto de 10 días.

3. As entidades locais que inclúan máis dun proxecto na súa solicitude deberán engadir, na documentación complementaria, a clasificación dos proxectos presentados, por orde de preferencia.

*Vixésimo cuarto. Comisión de Valoración.*—A instrución do procedemento e avaliación dos proxectos presentados realizaraos unha comisión de valoración composta polos seguintes membros:

Presidente: director xeral de Modernización Administrativa, ou persoa en quen delegue.

Vicepresidente: subdirector xeral de Coordinación de Recursos Tecnolóxicos da Administración xeral do Estado, ou persoa en quen delegue.

Vogais: dous funcionarios do Ministerio de Administracións Públicas, designados polo director xeral de Modernización Administrativa, e un representante técnico da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación, nomeado polo director xeral de Modernización Administrativa por proposta da devandita asociación.

Secretario: un funcionario da Subdirección Xeral de Coordinación de Recursos Tecnolóxicos da Administración xeral do Estado.

*Vixésimo quinto. Selección dos proxectos.*—Os proxectos presentados, en réxime de concorrencia competitiva, que cumpran o requisito establecido para poder solicitar e obter subvención, así como as demais condicións previstas nesta orde ministerial, serán avaliados pola Comisión de Valoración con base nos requisitos establecidos na presente orde ministerial, para o cal terá en

conta, ademais dos informes sinalados no seu punto vixésimo primeiro, os criterios de valoración enumerados a continuación, así como a relevancia do proxecto en relación co conxunto de solicitudes presentadas e dispoñibilidade orzamentarias:

a) A contribución do proxecto a mellorar a interoperabilidade dos sistemas de información das administracións públicas.

b) As posibilidades de reutilización por outras administracións públicas e, en particular, por entidades locais, dos produtos e desenvolvementos resultantes do proxecto.

c) A utilización de estándares libres e software de fontes abertas.

d) A utilización de sistemas comúns de información promovidos polo Ministerio de Administracións Públicas.

e) O grao de adecuación do proxecto aos obxectivos fixados no Plan de Acción Europea 2005.

Vixésimo sexto. *Proposta de resolución.*—A Comisión de Valoración, por conduto do seu presidente, elevará proposta de resolución ao secretario de Estado de Cooperación Territorial.

Vixésimo sétimo. *Reformulación de solicitudes.*—Cando o importe da subvención da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións da subvención outorgable.

En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos a respecto das solicitudes ou peticións.

Vixésimo oitavo. *Resolución.*

1. Á vista da proposta da Comisión de Valoración, o secretario de Estado de Cooperación Territorial resolverá o procedemento de concesión das subvencións.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os tres meses, contados desde a data de expiración do prazo previsto para a presentación de solicitudes no punto vixésimo segundo da presente orde ministerial (antes do día 1 de abril). Se, transcorrido o devandito prazo, non recaeu unha resolución expresa, entenderanse desestimadas as solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. A resolución, que será motivada e porá fin á vía administrativa, notificarase á entidade interesada no prazo previsto no parágrafo anterior, así como, para os efectos de coñecemento, ás subdelegacións, direccións insulares ou delegacións do Goberno respectivas segundo corresponda.

Vixésimo noveno. *Prazo para a adxudicación dos proxectos de modernización administrativa local.*—Os proxectos obxecto de subvención deberán ser adxudicados antes do 15 de novembro do exercicio correspondente, nos termos establecidos no artigo 28 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

Trixésimo. *Libramento das subvencións.*

1. Para o libramento das subvencións as entidades locais beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local a certificación de adxudicación dos proxectos subvencionados (modelo 3C). A indicada documentación deberá ter entrada na citada dirección xeral antes do 1 de decembro do exercicio correspondente á concesión da subvención.

Finalizado o dito prazo sen ter constancia na Dirección Xeral de Cooperación Local do certificado de adxudicación citado ou do recibo acreditativo da súa presentación

en prazo en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, ditarase resolución motivada desestimatoria do pagamento da subvención estatal por incumprimento das condicións establecidas con motivo do seu outorgamento.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, excepcionalmente e mediante xustificación que será apreciada pola Dirección Xeral de Cooperación Local, poderá tramitarse o pagamento da subvención naqueles supostos en que a documentación antes citada sexa presentada con posterioridade ao 1 de decembro do exercicio de que se trate, sempre e cando a mencionada documentación sexa recibida no centro xestor con anterioridade á data límite establecida na orde do Ministerio de Economía e Facenda pola que se regulan as operacións de peche de cada exercicio, relativas á contabilidade de gastos públicos. En ningún caso serán obxecto de libramento as subvencións cuxa documentación xustificativa para o pagamento se remita fóra do exercicio orzamentario de que se trate.

3. Con base nas certificacións de adxudicación dos proxectos subvencionados o Ministerio de Administracións Públicas libralles ás entidades beneficiarias o 100 por 100 da subvención.

Trixésimo primeiro. *Propiedade intelectual.*—A propiedade intelectual dos desenvolvementos, aplicacións informáticas e, en xeral, todos os produtos obtidos na execución do proxecto corresponderá ao Ministerio de Administracións Públicas que, a través das canles institucionais procedentes, os porá á disposición das restantes administracións públicas.

Trixésimo segundo. *Prazo para a execución dos proxectos e prórroga.*

1. Os proxectos obxecto de subvención deben quedar totalmente executados antes do 1 de decembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

2. A solicitude de prórroga do prazo para a execución dos proxectos, prevista no artigo 31.2 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, formularaa a entidade interesada, facendo constar as circunstancias excepcionais polas cales a devandita execución non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral ou, se é o caso, prazo prorrogado.

A solicitude deberá conter necesariamente indicación da duración do prazo que se vai prorrogar, así como poñer de manifesto os motivos que impiden a súa terminación no prazo de execución establecido inicialmente ou, se é o caso, prorrogado, debendo achegarse a xustificación documental que sustenta a devandita motivación.

3. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/1992, do 26 de novembro, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral de Cooperación Local, a través da súa presentación en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da citada Lei 30/1992, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, cunha antelación mínima de 15 días naturais sobre o prazo de execución establecido antes do 1 de decembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención ou, se é o caso, prazo prorrogado.

4. As solicitudes de prórroga que cumpran cos requisitos exixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ao do



cumprimento do prazo de execución antes citado non recaese resolución expresa.

**Trixésimo terceiro. Xustificación e reintegro da subvención.**

1. As entidades locais beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Administracións Públicas, dentro dos tres meses seguintes ao vencemento do prazo de execución, copia compulsada da factura xustificativa do pagamento do investimento e, ademais, en atención á natureza do investimento do proxecto, algún dos seguintes documentos:

- a) Acta de recepción formal ou
- b) Acta de conformidade á prestación ou ao servizo, cando o proxecto obxecto de subvención implique a formalización de contratos de consultoría, asistencia ou servizos.

En calquera caso, o Ministerio de Administracións Públicas poderá designar un representante como asesor para asistir á comprobación material.

2. O incumprimento dos prazos de execución fixados no artigo anterior levará consigo a obriga de reintegro das cantidades percibidas, por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, sen prexuízo dos demais supostos de reintegro determinados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Trixésimo cuarto. Remanentes.**

1. Cando, como consecuencia de baixas na adxudicación dos contratos, baixas por anulación dun proxecto ou parte del, ou redución do seu orzamento, ou por calquera outra circunstancia, se produzan remanentes, a entidade beneficiaria da subvención deberá, con carácter previo ou simultáneo á presentación, ante a Dirección Xeral de Cooperación Local, das certificacións de adxudicación dos proxectos subvencionados, comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Modernización Administrativa, que o porá en coñecemento da comisión de valoración para os efectos de propor a aplicación deles.

2. Non obstante, cando os remanentes producidos sexan consecuencia de baixas na adxudicación dun proxecto ao cal se lle concedeu unha subvención estatal inferior ao 50 por 100 do seu orzamento por axustes das demandas ao crédito dispoñible, a entidade local poderá manter no seu financiamento a subvención concedida ata o límite do 50 por 100 do importe do investimento adxudicado, sen necesidade de recorrer ao procedemento establecido no parágrafo anterior.

## CAPÍTULO V

### Dos proxectos con participación da sociedade civil

**Trixésimo quinto. Obxectivo e natureza dos proxectos obxecto de subvención.**—O obxectivo desta liña de axuda é potenciar a participación da sociedade civil na mellora dos servizos locais, no ámbito das competencias das entidades locais, mediante o cofinanciamento de proxectos que cumpran o devandito obxectivo.

Son susceptibles de obter subvención os proxectos de investimento destinados á prestación de servizos locais na xestión dos cales haxa unha efectiva participación dos cidadáns, mediante as fórmulas que establezan as entidades locais.

**Trixésimo sexto. Beneficiarios das subvencións.**—Poden solicitar e obter subvencións para esta finalidade as entidades locais que teñan regulada a participación da sociedade civil a través de norma regulamentaria de natureza orgánica e/ou estatutos reguladores de consellos e outras estruturas relacionadas co proxecto, na data de

finalización do prazo de presentación de solicitude da subvención.

**Trixésimo sétimo. Contía das subvencións.**—A subvención da Administración xeral do Estado destinada ao cofinanciamento dos proxectos con participación da sociedade civil poderá alcanzar ata o 50 por 100 do importe do proxecto. Para a obtención da subvención será necesario que no seu financiamento contribúan os concellos e demais entidades locais titulares do proxecto, sen que a achega destes poida ser inferior ao 15 por 100 do importe do investimento.

Só poderán ser financiados con subvención da Administración xeral do Estado os gastos que teñan a consideración de investimentos.

**Trixésimo oitavo. Compatibilidade con outras subvencións ou axudas públicas.**—Con independencia das subvencións reguladas na presente orde ministerial, os proxectos con participación da sociedade civil poderán recibir achegas adicionais nos mesmos termos establecidos no punto vixésimo desta orde para os proxectos de modernización administrativa local.

**Trixésimo noveno. Aprobación de proxectos. Informes.**

1. Os proxectos serán aprobados polo órgano competente da entidade local, segundo as regras de distribución de competencias da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. O proxecto, xunto coa súa documentación complementaria, someterase a informe do subdelegado do Goberno na provincia, do director insular da Administración do Estado ou do delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, se non houbese subdelegado do Goberno.

3. Igualmente, os proxectos serán sometidos a informe das comisións provinciais de colaboración do Estado coas corporacións locais, de conformidade co artigo 29.2 c) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

No caso da Comunidade Autónoma de Cataluña, os proxectos someteranse a informe do órgano que asuma as funcións das comisións provinciais de colaboración.

4. Os informes citados nos puntos anteriores referirase á participación da sociedade civil no proxecto presentado e pronunciaranse acerca da concorrencia dos requisitos fixados para a obtención de subvención estatal e sobre o grao de cumprimento dos criterios de selección enumerados no punto cuadraxésimo terceiro da presente orde ministerial. Deberán ser emitidos no prazo de 10 días desde a recepción do proxecto. Transcorrido o devandito prazo sen que o informe solicitado fose emitido, poderanse proseguir as actuacións.

5. Os informes dos órganos referidos nos puntos anteriores remitiranse á Dirección Xeral de Cooperación Local xunto coa solicitude de subvención e a documentación complementaria. Se non se emitisen os indicados informes no prazo de dez días desde a súa solicitude remitirase, xunto coa solicitude de subvención e documentación complementaria, certificación do secretario da entidade solicitante acreditativa da devandita circunstancia.

**Cuadraxésimo. Solicitudes de subvención. Lugar e prazo de presentación.**

1. As solicitudes de subvención, no documento normalizado segundo modelo 1H, dirixiranse á Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Administracións Públicas, xunto coa súa documentación complementaria e os informes preceptivos, e presentaranse en calquera dos rexistros e oficinas previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solici-

tudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado.

A Dirección Xeral de Cooperación Local porá á disposición das entidades locais, e para os efectos puramente informativos, unha páxina web na cal será posible obter os modelos de documentación complementaria que hai que achegar, así como rexistrarse, de cara a acceder a información sobre a presente liña de axuda.

2. As solicitudes presentaranse antes do día 1 de abril do exercicio en que se solicita a subvención.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta orde, requirirase o interesado para que a emende, ou presente os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que, de non o facer, se entenderá que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuadraxésimo primeiro. *Documentación complementaria e informes que deben acompañar a solicitude de subvención.*

1. A solicitude de subvención deberá ir acompañada da seguinte documentación complementaria:

a) O proxecto técnico de execución.

b) Certificación expedida polo secretario da entidade local ou funcionario que ostente a fe pública, sobre os seguintes aspectos:

1.º Acordo de aprobación do proxecto, no cal se faga referencia ao modo en que se produce a participación cidadá.

2.º Acordo de solicitude da subvención adoptado por órgano competente, con indicación da contía solicitada e da porcentaxe que representa respecto ao investimento total.

3.º Compromiso de habilitación de crédito para financiar o importe do proxecto na parte que non vai ser obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.

4.º Axudas solicitadas e/ou concedidas, para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou provenientes de fondos comunitarios ou, se é o caso, certificación da ausencia de solicitude ou concesión destas.

5.º Disponibilidade dos terreos, no caso de que fosen precisos, salvo cando este requisito estea dispensado no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

6.º Disponibilidade das autorizacións necesarias para a execución do proxecto. De non ser precisas pola súa natureza, remitirase certificación acreditativa de tal circunstancia.

c) Certificado de acharse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 14.1.e da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Certificado do programa de financiamento en que figure a achega da entidade solicitante (como mínimo o 15 por 100 do investimento total) e as achegas do resto dos axentes financeiros, en documento normalizado segundo modelo 1 I.

e) Copia compulsada do texto íntegro do regulamento orgánico de participación cidadá da entidade local e/ou estatutos reguladores de consellos e outras estruturas relacionadas co proxecto. Deberase xuntar certificación acreditativa da data de entrada en vigor.

f) Memoria descritiva do proxecto e das actuacións que comprende, na cal se recollerá, polo menos:

1.º A denominación do proxecto e os obxectivos que se pretenden conseguir coa súa execución.

2.º Coherencia do proxecto coa regulación da participación no ámbito territorial da entidade promotora, ou coas políticas de participación cidadá, desenvolvidas por ela.

3.º Análise da necesidade do proxecto proposto e das carencias que vén cubrir ou as melloras que podería supor no ámbito da participación cidadá.

4.º Información valorativa sobre cada un dos criterios que van ser utilizados para a selección dos proxectos segundo o previsto no artigo 38 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

g) Resumo da memoria en documento normalizado modelo 1J.

2. Xunto coa solicitude e documentación complementaria deberá remitirse o informe do subdelegado do Goberno na provincia, do director insular ou do delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, se non houber subdelegado do Goberno, así como da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas corporacións locais, ou certificación do secretario da entidade local solicitante de que non foron emitidos no prazo previsto de 10 días.

Cuadraxésimo segundo. *Comisión de valoración.*—A instrución do procedemento e avaliación dos proxectos presentados realizaraa unha comisión de valoración composta polos seguintes membros:

Presidente: director xeral de Cooperación Local, ou persoa en quen delegue.

Vicepresidente: subdirector xeral de Análise Económica de entidades locais, ou persoa en quen delegue.

Vogais: dous funcionarios do Ministerio de Administracións Públicas, designados polo director xeral de Cooperación Local, e un representante técnico da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación, nomeado polo director xeral de Cooperación Local por proposta da devandita asociación.

Secretario: un funcionario da Subdirección de Análise Económica de entidades locais.

Cuadraxésimo terceiro. *Selección dos proxectos.*—Os proxectos presentados, en réxime de concorrencia competitiva, que cumpran os requisitos establecidos na presente orde para poder solicitar e obter subvención, serán avaliados pola comisión de valoración con base nos seguintes criterios de selección e tendo en conta a relevancia do proxecto en relación co conxunto de solicitudes presentadas e as disponibilidades orzamentarias:

a) Programa de actividades e investimentos en participación cidadá para o ano en curso.

b) Memoria e avaliación do impacto das actividades e investimentos realizados nos dous anos anteriores.

c) Existencia dunha área de goberno, ou xestión, dedicada á participación cidadá.

d) Número de asociacións existentes na entidade local e ámbitos de participación na vida local.

e) Recursos públicos dedicados a fomentar ou apoiar a participación cidadá e porcentaxe que representan sobre o gasto total do orzamento da entidade local afectada.

Cuadraxésimo cuarto. *Proposta de resolución.*—A Comisión de Valoración, por conduto do seu presidente, elevará proposta de resolución ao secretario de Estado de Cooperación Territorial.

**Cuadraxésimo quinto. Resolución e reformulación de solicitudes.**

1. Á vista da proposta da Comisión de Valoración, o secretario de Estado de Cooperación Territorial resolverá o procedemento de concesión das subvencións.

2. Cando o importe da subvención da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude nos termos fixados no punto vixésimo sétimo da presente orde.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os tres meses, contados desde a data de expiración do prazo previsto para a presentación de solicitudes no número 2 do punto cuadraxésimo da presente orde (antes do 1 de abril). Transcorrido o dito prazo sen que recaese unha resolución expresa, entenderanse desestimadas as solicitudes, conforme o previsto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. A resolución, que será motivada e porá fin á vía administrativa, notificaráselle á entidade interesada no prazo previsto no parágrafo anterior, así como, para os efectos de coñecemento, ás subdelegacións, direccións insulares ou delegacións do Goberno respectivas segundo corresponda.

**Cuadraxésimo sexto. Prazo para a adxudicación dos proxectos de participación da sociedade civil.**—Os proxectos obxecto de subvención deberán ser adxudicados, ou acordada a súa execución pola propia Administración, antes do 15 de novembro do exercicio correspondente, nos termos establecidos no artigo 41 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

**Cuadraxésimo sétimo. Libramento das subvencións.**

1. Para o libramento das subvencións, as entidades locais beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local a certificación de adxudicación dos proxectos subvencionados (modelo 3D) ou, se é o caso, do acordo de execución directa pola propia Administración (modelo 4D). A indicada documentación deberá ter entrada na citada dirección xeral antes do 1 de decembro do exercicio correspondente á concesión da subvención.

Finalizado este prazo sen ter constancia na Dirección Xeral de Cooperación Local do certificado de adxudicación citado ou do recibo acreditativo da súa presentación en prazo en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, ditarase resolución motivada desestimatoria do pagamento da subvención estatal por incumprimento das condicións establecidas con motivo do seu outorgamento.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, excepcionalmente e mediante xustificación que será apreciada pola Dirección Xeral de Cooperación Local, poderá tramitarse o pagamento da subvención naqueles supostos en que a documentación antes citada sexa presentada con posterioridade ao 1 de decembro do exercicio de que se trate, sempre e cando a mencionada documentación sexa recibida no centro xestor con anterioridade á data límite establecida na orde do Ministerio de Economía e Facenda pola que se regulan as operacións de peche de cada exercicio, relativas á contabilidade de gastos públicos. En ningún caso serán obxecto de libramento as subvencións cuxa documentación xustificativa para o pagamento se remita fóra do exercicio orzamentario de que se trate.

3. Con base nas certificacións de adxudicación dos proxectos subvencionados, ou nos acordos de execución pola propia Administración, o Ministerio de Administra-

cións Públicas libralles ás entidades beneficiarias o 100 por 100 da subvención.

**Cuadraxésimo oitavo. Información sobre o estado de execución dos proxectos.**

1. A información sobre o estado de execución dos proxectos subministraranlla as entidades locais beneficiarias á Dirección Xeral de Cooperación Local a través da remisión do modelo 7, mediante o cal presentarán unha relación das certificacións de obras ou de gastos que fosen aprobadas durante o semestre natural anterior a que aquela se refira.

2. A información deberá ser remitida aínda que o estado de execución do proxecto non experimentase ningunha alteración durante o semestre natural a que aquela se refira.

3. A obriga de presentar a información sobre o estado de execución cesará ao remitirse a liquidación do proxecto.

**Cuadraxésimo noveno. Prazo para a execución dos proxectos e prórroga.**

1. Os proxectos obxecto de subvención deben quedar totalmente executados antes do 1 de decembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

2. A solicitude de prórroga do prazo para a execución dos proxectos, prevista no artigo 44.2 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, formularaa a entidade interesada facendo constar as circunstancias excepcionais polas cales a devandita execución non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral ou, se é o caso, prazo prorrogado.

A solicitude deberá conter necesariamente indicación da duración do prazo que se vai prorrogar, así como poñer de manifesto os motivos que impiden a súa terminación no prazo de execución establecido inicialmente ou, se é o caso, prorrogado, debendo achegarse a xustificación documental que sustenta a devandita motivación.

3. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral de Cooperación Local, a través da súa presentación en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da citada Lei 30/1992 e no artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, cunha antelación mínima de 15 días naturais sobre o prazo de execución establecido antes do 1 de decembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención ou, se é o caso, prazo prorrogado.

4. As solicitudes de prórroga que cumpran cos requisitos exixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ao do cumprimento do prazo de execución antes citado non recaese resolución expresa.

**Quincuaxésimo. Xustificación e reintegro da subvención.**

1. As entidades locais beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral de Cooperación Local, do Ministerio de Administracións Públicas, dentro dos tres meses seguintes ao vencemento do prazo de execución, a certificación final de obra e a acta de recepción ou, se é o caso, as facturas xustificativas do gasto executado.

2. O incumprimento dos prazos de execución fixados no punto anterior levará consigo a obriga de reintegro das cantidades percibidas, por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, sen prexuízo dos demais supostos de reintegro

determinados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Non obstante o anterior, cando se trate de proxectos de obras e estas non fosen terminadas no prazo xeral ou no de prórroga pero o investimento realizado en prazo sexa susceptible, se é o caso, de ser entregado ao uso ou servizo público conforme o previsto no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, a obriga de reintegro limitarase ao importe da subvención non investida nos investimentos susceptibles da devandita entrega.

#### Quincuaxésimo primeiro. *Remanentes.*

1. Cando, como consecuencia de baixas na adxudicación dos contratos, baixas por anulación dun proxecto, parte del, ou redución do seu orzamento, ou por calquera outra circunstancia se produzan remanentes, a entidade beneficiaria da subvención deberá comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Cooperación Local con carácter previo ou simultáneo á presentación das certificacións de adxudicación dos proxectos subvencionados ou da resolución ou acordo da súa execución directa pola Administración, quen o porá en coñecemento da Comisión de Valoración para os efectos de propor a súa aplicación.

2. Non obstante, cando os remanentes producidos sexan consecuencia de baixas na adxudicación dun proxecto ao cal se lle concedeu unha subvención estatal inferior ao 50 por 100 do seu orzamento por axustes das demandas ao crédito dispoñible, a entidade local poderá manter no seu financiamento a subvención concedida ata o límite do 50 por 100 do importe do investimento adxudicado, sen necesidade de recorrer ao procedemento establecido no parágrafo anterior.

#### Disposición adicional primeira. *Adaptación de referencias.*

As referencias ás deputacións provinciais contidas no texto da presente orde entenderanse feitas, nos casos que proceda, aos cabidos, ou consellos insulares, ou comunidades autónomas uniprovinciais non insulares.

#### Disposición adicional segunda. *Plan Único de Obras e Servizos de Cataluña (PUOSC).*

De conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, a cooperación económica da Administración xeral do Estado aos investimentos das entidades locais incluídas no Plan Único de Obras e Servizos de Cataluña realizarase a través da Xeneralidade nos seguintes termos:

a) Con respecto á Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais, aplicarase o previsto no punto segundo desta orde.

b) Con respecto ao Plan Único de Obras e Servizos de Cataluña, e dado o carácter de subvención xestionada, rexeirá o consignado no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, destacando a este respecto que:

1.º A Xeneralidade de Cataluña remitirá á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio das Administracións Públicas información sobre o Plan Único de Obras e Servizos de Cataluña, unha vez aprobado, consistente no texto do Decreto do Goberno da Xeneralidade de Cataluña de aprobación do Plan Único de Obras e Servizos de Cataluña da anualidade correspondente.

2.º Finalizado o exercicio económico, e non máis tarde do 31 de marzo do exercicio seguinte, a Xeneralidade de Cataluña remitirá á Dirección Xeral de Coopera-

ción Local unha memoria que conterá, entre outros, un estado de execución do exercicio, indicando as contías totais de compromisos de créditos, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados no ano, detallado por cada unha das aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos do Estado desde as cales se realizaron as transferencias de crédito, de conformidade cos límites a que se refire o artigo 6 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, desagregado polas anualidades a que corresponden os plans e contendo os proxectos aprobados en cada plan.

#### Disposición adicional terceira. *Gastos subvencionables.*

Cando os proxectos subvencionados sexan proxectos de obras, o importe que se cofinancie serao unicamente polo importe de execución material destas, excluindose os gastos correspondentes a honorarios por redacción de proxectos, así como as expropiacións de terreos necesarios para a execución.

Non obstante o anterior, no caso de intervencións comunitarias cofinanciadas polo programa de cooperación económica local rexeirá o disposto na regulamentación comunitaria para tales efectos.

#### Disposición adicional cuarta. *Utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para a tramitación das subvencións.*

De conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as entidades locais beneficiarias poderán remitir mediante medios electrónicos e telemáticos a seguinte información:

- Relación das obras que integran o Plan provincial ou insular de cooperación no modelo 1A.
- Relación das obras do Programa Operativo Local, no modelo 1B.
- Relación das obras do Plan complementario de cooperación, modelo 1C.
- Relación das obras do Plan complementario do Programa Operativo Local, modelo 1D.
- Información sobre o estado de execución das obras, modelo 7.
- En relación coa liña de axudas para os proxectos de modernización administrativa local, a solicitude de subvención, modelo 1E; o proxecto técnico, modelo 1F, e a memoria descritiva do proxecto, modelo 1G.
- Certificado de acharse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (documentación exixida nos puntos vixésimo terceiro 1.c e cuadraxésimo primeiro 1.c desta orde).

A Dirección Xeral de Cooperación Local aprobará as instrucións oportunas para a remisión por vía telemática dos demais documentos preceptivos na xestión da cooperación económica da Administración xeral do Estado, co formato electrónico que cada un deles deba adoptar para a correcta transmisión.

#### Disposición adicional quinta. *Publicidade das obras.*

Na execución das obras incluídas nos plans provinciais e insulares de cooperación, así como as incluídas nos proxectos con participación da sociedade civil cofinanciadas polo Ministerio de Administracións Públicas, deberá figurar no panel publicitario descritivo das características da obra ou proxecto esta circunstancia, de acordo cos logotipos institucionais que derivan do Real decreto 1465/1999.

A Dirección Xeral de Cooperación Local elaborará un modelo orientativo para tal efecto.

Para as obras incluídas nas intervencións comunitarias, cofinanciadas polo programa de cooperación econó-

mica local, deberanse ter en conta, ademais, as indicacións contidas na normativa da Unión Europea sobre información e publicidade.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Esta orde, ditada para o desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, aplicarase aos plans provinciais e insulares de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que obteñan achega da Administración xeral do Estado; ás intervencións comunitarias aprobadas pola Comisión Europea cofinanciadas polo Programa de cooperación económica local, e aos proxectos de modernización administrativa local e de participación da sociedade civil que obteñan subvención estatal a partir da súa entrada en vigor.

2. Os plans provinciais, programas operativos, proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano e proxectos con participación da sociedade civil aproba-

dos con anterioridade á entrada en vigor da presente orde rexeranse pola normativa vixente na data da súa aprobación, ata a súa total finalización.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde APU/126/2004, do 23 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación do Estado aos investimentos das entidades locais, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 31 de xaneiro de 2006.

SEVILLA SEGURA

## ANEXO I

### Modelos de documentos

Código	Denominación
1A	Relación das obras que integran o Plan de cooperación.
1B	Relación dos proxectos de obra que integran o programa operativo.
1C	Relación das obras que integran o Plan complementario do de cooperación.
1D	Relación dos proxectos de obra que integran o programa operativo (Plan complementario).
1E	Proxectos de modernización administrativa local. Solicitud de subvención.
1F	Proxectos de modernización administrativa local. Proxecto técnico.
1G	Proxectos de modernización administrativa local. Resumo da memoria.
1H	Proxectos con participación da sociedade civil. Solicitud de subvención.
1I	Proxectos con participación da sociedade civil. Programa de financiamento.
1J	Proxectos con participación da sociedade civil. Resumo da memoria.
2A	Certificado de adxudicación do contrato de obras plurianuais.
2B	Certificado de adxudicación do contrato de obras plurianuais (programas operativos da Unión Europea).
3A	Certificado de adxudicación do contrato de obras Plan de cooperación.
3B	Certificado de adxudicación do contrato de obras (programas operativos da Unión Europea).
3C	Certificado de adxudicación dos proxectos de modernización administrativa local.
3D	Certificado de adxudicación proxectos con participación da sociedade civil .
4A	Certificado da resolución ou acordo de executar directamente as obras a propia Administración (Plan de cooperación).
4B	Certificado da resolución ou acordo de executar directamente as obras a propia Administración (programas operativos da Unión Europea).
4D	Certificado da resolución ou acordo de executar directamente as obras a propia Administración (proxectos con participación da sociedade civil).
5A	Certificado de recepción de obra contratada (Plan de cooperación).
5B	Certificado de recepción de obra contratada (programas operativos da Unión Europea).
6A	Liquidación de obra executada directamente pola propia Administración.
6B	Liquidación de obra executada directamente pola propia Administración (programas operativos da Unión Europea).
7	Información sobre o estado de execución das obras.
8	Liquidación das obras.

## ANEXO II

### Táboas de códigos de consellos e cabidos insulares

Código	Denominación	Código	Denominación
7	Illes Balears.	1	Mallorca.
		2	Menorca.
		3	Ibiza-Formentera.
35	Las Palmas.	1	Gran Canaria.
		2	Lanzarote.
		3	Fuerteventura.

Código	Denominación	Código	Denominación
38	Santa Cruz de Tenerife.	1	Tenerife.
		2	La Palma.
		3	La Gomera.
		4	El Hierro.

## ANEXO III

### Instrucións para a codificación das obras do plan provincial ou insular de cooperación

Só son incluíbles nos plans os investimentos, nunca os gastos de funcionamento dos servizos, polo que os

códigos asignados corresponden exclusivamente aos primeiros.

A correcta codificación resulta esencial para o axeitado tratamento informático da xestión dos plans, polo que se ten de prestar axeitada atención a este aspecto.

Os códigos das obras constan de cinco díxitos:

O primeiro corresponde ao grupo de función, de acordo coa Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 20 de outubro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das corporacións locais, que servirá como norma interpretativa.

O segundo corresponde á función, de acordo coa mesma orde.

En ambos os dous casos se seleccionaron as que se consideran máis significativas, podendo utilizarse para posibles supostos non previstos os códigos de "obras non clasificadas".

O terceiro dígito sinálanos se se trata de servizos obrigatorios (0), servizos do artigo 26, non obrigatorios por razón da poboación (3), outros servizos municipais (5), e servizos provinciais (7) entendendo por tales aqueles da súa competencia que lles veñan atribuídos polas leis sectoriais de aplicación.

Os dous díxitos restantes identifican de forma ordinal os distintos tipos de obras.

Como exemplo pódese sinalar que un parque público terá o código 43008 nos municipios de poboación maiores de 5.000 habitantes, ao ser obrigatorios, e o 43308, nos de poboación inferior á indicada.

No suposto de obras diversas, atenderase á finalidade fundamental do investimento, asignando o código correspondente ao servizo que represente o volume de investimento máis significativo.

#### Grupos de funcións segundo os orzamentos das corporacións locais

Grupo de función 1. Servizo de carácter xeral:

Función 1.1 Órganos de goberno.

Función 1.2 Administración xeral.

Grupo de función 2. Protección civil e seguridade cidadá:

Función 2.2 Seguridade e protección civil.

Grupo de función 3. Seguridade, protección e promoción social:

Función 3.1 Seguridade e protección social.

Función 3.2 Promoción social.

Grupo de función 4. Producción de bens públicos de carácter social:

Función 4.1 Sanidade.

Función 4.2 Educación.

Función 4.3 Vivenda e urbanismo.

Función 4.4 Benestar comunitario.

Función 4.5 Cultura.

Función 4.6 Outros servizos comunitarios e sociais.

Grupo de función 5. Producción de bens de carácter económico:

Función 5.1 Infraestrutura básica e transportes.

Función 5.2 Comunicacions.

Función 5.3 Infraestrutura agraria.

Función 5.4 Investigación científica, técnica e aplicada.

Función 5.5 Información básica e estatística.

Grupo de función 6. Regulación económica de carácter xeral:

Función 6.1 Regulación económica.

Función 6.2 Regulación comercial.

Grupo de función 7. Regulación económica de sectores produtivos:

Función 7.1 Agricultura, gandaría e pesca.

Función 7.2 Industria.

Función 7.3 Enerxía.

Función 7.4 Minaría.

Función 7.5 Turismo.

#### Códigos para identificar por tipos as obras incluídas no plan provincial ou insular de cooperación

Obras e servizos	Códigos			Servizos de prestación provincial ou insular
	Artigo 26 Lei 7/1985		Artigo 25 Lei 7/1985	
	Servizos obrigatorios	Non obrigatorios segundo poboación	Servizos municipais	
Casas do concello .....			12501	
Outras dependencias de Administración xeral .....			12502	
Adquisición equipamentos informáticos .....			12525	12725
Protección civil .....	22003	22303		22703
Prevención e extinción de incendios .....	22004	22304		22704
Seguridade lugares públicos .....			22526	
Prestación de servizos sociais .....	31005	31305		31705
Control de alimentos e bebidas .....	41006			41706
Hospitais .....			41527	41727
Outras dependencias sanitarias .....			41528	41728
Construción de centros docentes .....			42529	
Escolas obradoiro .....			42530	
Iluminación pública .....	43007			
Parques públicos .....	43008	43308		
Edifícios uso múltiple .....			43531	43731
Promoción vivendas .....			43532	43732
Cemiterios .....	44009			
Recollida de residuos .....	44010			
Limpeza viaria .....	44011			

Obras e servizos	Códigos			
	Artigo 26 Lei 7/1985		Artigo 25 Lei 7/1985	Servizos de prestación provincial ou insular
	Servizos obligatorios	Non obrigatorios segundo poboación	Servizos municipais	
Rede de sumidoiros .....	44012			
Mercados .....	44013	44313		
Tratamento residuos sólidos .....	44014	44314		
Tratamento residuos líquidos .....	44015	44315		
Protección do ambiente .....	44018	44318		
Feiras .....			44534	44734
Biblioteca pública .....	45019	45319		45719
Instalacións culturais .....			45535	45735
Instalacións deportivas .....	45020	45320		45720
Patrimonio histórico .....			45536	45736
Centros sociais .....			46537	46737
Accesos de núcleos .....	51021			
Abastecemento augas .....	51022			
Pavimentación rúas .....	51023			
Transporte colectivo urbano .....	51024	51324		
Ordenación de tráfico .....			51538	
Rede viaria .....				51739
Estación autobuses .....			51540	
Canalización .....			51541	
Teléfonos .....				52743
Electrificacións rurais .....			52544	52744
Mercados centrais .....			62542	
Obras non clasificadas .....			00599	00799

## ANEXO IV

## Códigos de entidades supramunicipais

Código	Denominación
800	Mancomunidade.
801	Bisbarra.
802	Área metropolitana.
995	Comunidade autónoma.
999	Cabido insular.
	Consello insular.
	Deputación provincial.

MODELO 1A NID \_\_\_\_\_ (11)  
 CÓDIGO (2):

ENTIDADE (1):

**PLAN.....(3) DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS**

ANO:

**RELACIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE INTEGRAN O PLAN**  
 (Artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)

Dña. \_\_\_\_\_

Suscritor(a) do (4)

**CERTIFICADO:** que esta entidade (1) aprobou definitivamente o día ..... de ..... de ..... o Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas, para o ano ..... que está integrado polas obras que se describen a continuación:

OBRA		PROGRAMA DE FINANCIAMENTO						
Núm	Código e denominación da obra (5)	Lugar que obriga (7)		Duración	PARTICIPES			Outros (10)
		total	Final		Administrativa xeral do Estado (2AF)	Comunidade autónoma (8)	Deputación provincial (9)	
01								
01								
01								
01								
	TOTAL							

E, para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local, co Ministerio de Administracións Locais, con forma o número ..... do artigo 10, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, exido esta certificación de arca e da vista e prace da ..... en ..... de ..... de .....

Q ..... de .....

C SECRETARIO

Asido .....



**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O MODELO IA**

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros recadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estadística. No terceiro recadro expresarase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular segundo a táboa que figura no anexo II do orde ministerial.
- 3) Provincial, insular ou da comunidade autónoma uniprovincial non insular, segundo proceda.
- 4) A certificación expediraa o secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignarase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 5) Indicarase o código e a denominación do proxecto, cos maior coñecemento posible, para a correcta identificación das actuacións, podéndose utilizar para o efecto toda a fila a) correspondente do modelo. A denominación non poderá exceder os 150 caracteres.  
  
Cando se trate de proxecto plurianual, farase constar tal circunstancia e a anualidade a que se refire o investimento incluído no plan.  
  
Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, indícarase a que fase se refire o investimento.
- 6) Ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das recollidas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.
- 7) Só se o proxecto é de estradas.
- 8) Ou, se é o caso, cabido ou consello insular.
- 9) Nesta columna consignarase a ahega do concello ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das recollidas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.
- 10) Outras entidades públicas distintas das enumeradas anteriormente.
- 11) Reservado para o tratamento telemático do documento.

AMPLIO 1R NID (13)  
 CÓDIGO (2):

ENTIDADE (1):

**PROGRAMA OPERATIVO** .....(3)

ANO:

**RELACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRA QUE INTEGRAN O PROGRAMA OPERATIVO, COFINANCIADO POLO** .....(4)  
 (Artigo 19 do Real decreto 836/2003, do 27 de xunio)

Dí a:

Secretaría(s) de (5)  
 C/ER/H/O: que esta entidade (7) aprobou definitivamente o día ... de ..... de ..... a relación de proxectos de obra que se describen a continuación, que integran o Programa operativo .....(3), cofinanciado polo Fondo Estructural .....(4), para o ano .....

OBRA		PROGRAMA DE FINANCIAMENTO				GASTO NON ELIXIBLE
Núm.	a) Código e denominación da obra (6)	Proieccións (8) a) Realización b) Resultado c) Impacto	2. Fondos estruturais a) AXP (MSE) (9) b) Axioma (10) c) Sietrol	3. Administracións locais a) AXP (MSE) (11) b) Axioma (12) c) Consello (13) d) Supletel	4-2+3 Total	
						a)
b)		b)	b)	b)	b)	b) Outras (14)
		c)	c)	c)	c)	c) Total
		a)	a)	a)	a)	
		b)	b)	b)	b)	
		c)	c)	c)	c)	
		TOTALS				

E, para que así consta, e para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Administracións Públicas, conforme o artigo 19, en relación co artigo 10.1 do Real decreto 836/2003 do 27 de xunio, esbozo esta certificación de preceito en ..... de ..... de ..... de .....

C SECRETARIO

Azelo

**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O MODELO 1B**

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabildo ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros recadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estadística. No terceiro recadro expresárase, se é o caso, o código do cabildo ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo correspondente.
- 3) Indíquese a denominación da intervención comunitaria.
- 4) Indicarase o Fondo Estructural Comunitario que cofinancia o programa.
- 5) A certificación expedida o secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignarase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 6) Indicarase o código e a denominación do proxecto, coa maior concreción posible, para a correcta identificación das actuacións.  
  
Cando se trate de proxectos plurifaseados ou relativos a diferentes fases, terase constar a anualidade ou fase correspondente.  
  
Se o proxecto é de estradas, indícaranse os puntos quilométricos entre os que se executarán as obras.
- 7) Ou, se é o caso, da entidade local que corresponde das recollidas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no número 4 do artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais; ou consorcios en que participe algunha das entidades locais recollidas no citado artigo 3º da lei, sempre que a obra estea afectada a un servizo de competencia local.
- 8) Débese expresar, necesariamente, a unidade de medida xunto ao valor numérico que se reflicte para cada un dos indicadores.  
  
A unidade de medida de cada un dos indicadores debe gardar relación co código da obra e corresponder a aqueles facilitados por este centro xestor nas instrucións remitidas ao respecto.
- 9) A subvención da Administración xeral do Estado (MAP) desagregárase nas filas 2.a) e 3.a).
